

MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E AS OFICINAS DE DISTRITO HIPOTECARIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Sra. Directora da Axencia Tributaria de Galicia **DECLARA:**

Que, a Axencia Tributaria de Galicia e as Oficinas de Distrito Hipotecario teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro do 2026.

Que, o instrumento convencional ten por obxecto establecer un marco de colaboración apropiado entre a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e as oficinas de distrito hipotecario (en adiante ODH) cuxo ámbito territorial se atope nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, coa finalidade de facilitar ás oficinas as tarefas de recepción das autoliquidacións ou declaracións do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns.

Que, existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que, os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6 do mesmo.





Que, o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que a vixencia do actual Convenio subscrito entre a Axencia Tributaria de Galicia e as oficinas de distrito hipotecario finaliza o 31 de decembro de 2025.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do acordo que se pretende.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora

